

A cultura entra na cidade da lea política

D. LOMBAO / D. REINERO 16/01/2010 - 20:00 h.

No verán de 2007, Galicia transitaba polo ecuador da lexislatura do que se dera en chamar “novo Goberno”, un bipartito que tentaba marcar distancias dos 16 anos de maioría absoluta de [Manuel Fraga](#) pero que, en troques, xa asumira algúns dos seus proxectos máis controvertidos, coa Cidade da Cultura como emblema. A [Consellería de Cultura](#), entón dirixida pola nacionalista [Ánxela Bugallo](#), afanábase en dotar de “transparencia” un complexo que espertaba escasas simpatías entre a base social que situara a [PSdeG](#) e [BNG](#) en San Caetano. Nesas estaba o Goberno galego cando, a finais de xullo, o Consello de Contas facía público o seu informe correspondente ao exercicio económico de 2004, cun apartado especial de fiscalización da xénese e o primeiro desenvolvemento do macro complexo do monte Gaiás de Santiago.

As “graves deficiencias” detectadas polo organismo fiscalizador nun proxecto con “indefinición xeral” e “subestimación da complexidade e dimensión económica das obras”, así como con partes escuras na súa xestión, levaban o daquela presidente, o socialista Emilio [Pérez Touriño](#), a anunciar a súa decisión de promover unha comisión de investigación no Parlamento. O seu obxectivo, dicía, sería “que toda Galicia” soubese “como xestionaba e que fixo o PP cos cartos de todos os galegos” nunha obra ategada de “irregularidades, caos e desbaldimento”. Dende a oposición, [Alberto Núñez Feijóo](#) restáballe importancia ao anuncio. Tan só era unha “manobra para manchar o nome do PP”, aseguraba.

Sobre esta base, a mediados de outubro daquel 2007 a comisión parlamentaria iniciaba os seus traballos baixo a presidencia da deputada nacionalista Ana Pontón e cunha longa lista de comparecentes que daba lugar a un enfrontamento político ao máis alto nivel entre o bipartito e o pasado popular recente dado que, ademais de técnicos e responsables empresariais, polo pazo do Hórreo pasarían os autores intelectuais e físicos da Cidade da Cultura, a comezar polo ex presidente [Manuel Fraga](#) e o seu conselleiro de Cultura, Xesús [Pérez Varela](#), e seguindo polo propio arquitecto Peter Eisenman.

Despois dun primeiro treito caracterizado pola “desmemoria” dalgúns dos comparecentes vinculados ao Executivo conservador –o arquitecto Alfredo Díaz Grande, coordinador da obra, aseguraba “non lembrar canto cobraba”– e por curiosos episodios como a saída á luz pública do escueto currículo do primeiro director financeiro da Fundación Cidade da Cultura, Manuel Fernández Balboa –cuñado de [Mariano Rajoy](#), economista acabado de licenciar e con apenas un par de traballos como bolseiro no seu haber– chegaba a verdadeira confrontación entre o pretérito e o presente das obras no complexo do monte Gaiás.

Xunto coa comparecencia do propio Fraga, que enxalzou ante os parlamentarios uns edificios que constituían o seu “soño”, pero non o seu “mausoleo”, especialmente simbólica foi a intervención do que fora onnipotente titular de Cultura e o seu duro enfrontamento co voceiro do [BNG](#), [Carlos Aymerich](#). Dende a defensa das súas “mans limpas”, [Pérez Varela](#) resistiuse a detallar “como e canto medrara o seu patrimonio” como conselleiro e, nomeadamente, coa xestión do Gaiás. A Cidade da Cultura, aseguraba, tivo “unha xestión impecable” ata 2005, cun plan “deseñado milimetricamente” que, non obstante, non dera lugar a un detalle dos contidos culturais que terían os edificios rematados.

Tras unha exposición inicial, un alterado [Pérez Varela](#) remataba o debate advertindo de que no seu poder obraba “un camián” de documentos contra Aymerich, quen, á súa vez, deixou escapar un “delincuente” para referirse ao ex conselleiro. Días despois, os máximos responsables do goberno bipartito pasaban pola comisión para manifestar o seu compromiso co remate do complexo, que nese momento, aseguraban, xa estaba en condicións de converterse nun “símbolo” para Galicia no cultural, pero tamén na xestión.

DO SÍMBOLO AO FEITO

Case catro anos despois daqueles enfrontamentos políticos, o Gaiás abre por fin as súas portas comezando pola Biblioteca e o Arquivo de Galicia e o mundo da cultura galega asume a conclusión bipartita daquela comisión parlamentaria. Sexa como for creada, a Cidade da Cultura xa é unha realidade e ten que ser un proxecto –repiten unha e outra vez– de todos e para todos, empezando polo propio mundo cultural.

O primeiro sector que debería comezar a rendibilizar e encher de contido o complexo é o do libro, e desde el se pronuncian con esperanza non falta de crítica os diversos subsectores que o integran. Desde a Asociación Galega de Editores o seu presidente, [Manuel Bragado](#), eloxia “que Galicia conte cunha gran biblioteca nacional, que é como me gustaría que se chamase, debería ser unha gran nova para todo o sector”, e apunta a esperanza de que o novo edificio “supuxese que se vertebrase a partir del unha gran rede de bibliotecas públicas galegas”.

Desde a Federación de Libreiros de Galicia o seu presidente, Xurxo Patiño, admite que “a Cidade da Cultura poderá ter atractivo como complexo cultural cando estea completo, pero como biblioteca e arquivo, de momento, dubido que teñan tirón”. Patiño recoñece que “fóra da obra en por si, aínda non ten polos de atracción, porque unha biblioteca no monte non atrae moito, aínda queda moito que facer”.

Pola súa banda, o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez Iglesias, recoñece con matices a importancia da biblioteca –“tería preferido que a gran biblioteca nacional galega estivese no centro de Santiago, para facilitar o seu uso, pero é un feito que está aí”–, aínda que indica que o gran motor de todo o complexo “debera ser un museo actual da historia de Galicia como terra vencellada a Europa”.

No que si coinciden os tres representantes do sector do libro e os outros consultados é en que a produción cultural galega e as políticas públicas de apoio “non se poden ver condicionadas polo mantemento da Cidade da Cultura”. Para que esa hipoteca non chegue a materializarse no futuro, hai quen apunta, como Cesáreo Sánchez, a necesidade de que se cobre entrada para manter o complexo. E mesmo quen advirte, como Xulio Amigo, presidente da Asociación Cultural, do perigo de que a Cidade da Cultura caia na tentación de centralizar a produción cultural galega, por definición plural e dispersa.

Desde o sector audiovisual, o produtor [Antón Reixa](#) deixa claro que “a creación cultural galega ten que seguir con independencia de que exista a Cidade da Cultura”, e desde a edición, [Manuel Bragado](#) conclúe sentenciando que “o Gaiás ten que estar ao servizo da cultura galega para que teña viabilidade social e non afoque as outras industrias e políticas culturais”.

Máis aló da Biblioteca e do Arquivo de Galicia, que todos os consultados esperan que se convertan en referentes centrais galegos deses sectores, representantes da creación e xestión cultural nun ámbito máis amplo sinalan a necesidade de que o complexo sexa visto por toda Galicia como propio. “Iso é algo que tarde ou cedo vai ocorrer, hai que dar un tempo para que toda Galicia coñeza o Gaiás e entre todos acabaremos facendo del un proxecto de todos”, apunta con optimismo Xulio Amigo. Visión similar á que ten Patiño, aínda que a formule en negativo: “E que se non se consegue facer dela un proxecto de país sería un fracaso absoluto e mesmo a tumba da nosa cultura”.

[Antón Reixa](#) sinala que “é necesario que superemos o exorcismo, que sintamos que isto, que pode ser un proxecto sobredimensionado, unha vez comezado, e así o entendeu tamén o bipartito, hai que asumilo en positivo como algo de todos”. Reixa é dos que ten claro que “a Biblioteca e o Arquivo teñen ben definido o seu contido e serán o que teñen que ser, a biblioteca e arquivo do século XXI, aí non hai dúbida”, pero chama a atención sobre a necesidade de que se acerte co enfoque dos outros edificios pendentes e do complexo en xeral –aínda que con tempo, xa que recoñece que a crise debe facer que os investimentos se escalonen–, para o que apunta a posibilidade de que o recinto “contribúa a orientar e planificar o numeroso mecenado que ofrecen en Galicia todo tipo de entidades, non sempre de xeito ben definido”.

SINERXÍAS INTERNACIONAIS

Desde o mundo da xestión cultural, e coa experiencia que lle deu ser a directora que puxo en funcionamento o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (Marco) e o seu posterior paso pola Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, Carlota Álvarez Basso apunta como primeira necesidade para o lanzamento e rendibilización do novo complexo o establecemento de sinerxías con outros centros internacionais semellantes. “É un proxecto moi ambicioso e a unha escala que ten por obxectivo falar a nivel nacional e internacional”, indica, para engadir que “o mellor que lle pode pasar a Galicia é que a Cidade da Cultura funcione e funcione ben”. Para iso “hai que dialogar cos grandes centros culturais do mundo, temos que ser capaces de facelo desde Galicia”, apunta, lembrando a estratexia que puxo en marcha ela mesma co MARCO ao asocialo con centros de tamaño e obxectivos semellantes do resto de España e Portugal e intercambiar exposicións e mesmo iniciativas creativas.

A viguesa Álvarez Basso, que actualmente xestiona a candidatura da cidade de Córdoba á Capital Europea da Cultura pero que xa visitou o Gaiás, recoñece que queda por diante “un traballo moi grande” pero “moi interesante”. A xestora cultural remata confiando en que o Gaiás se convirta nun proxecto de toda Galicia e se dean superado os localismos. E apunta exemplos ben próximos: “En Castela e León veñen de pór en marcha unha superestrutura, que engloba recintos culturais de catro cidades, para aproveitar as sinerxías; neste tipo de plataformas non ten por que haber líderes nin se teñen que facer distincións xeográficas, e esas asociacións pódense facer entre centros de distinto tamaño”.

CRÍTICAS E RETOS PENDENTES

Porén, hai quen apunta dificultades para obter esa representatividade do que é a cultura galega. Así, Cesáreo Sánchez Iglesias apunta que “debera ser un proxecto que implique a toda Galicia e o que supón a súa cultura, pero se empezamos levando alí o legado do escritor [Camilo José Cela](#), mal comezamos”.

Igualmente, desde o mundo da política e coincidindo coa inauguración dos dous primeiros edificios do complexo reavívanse as críticas pola oportunidade do investimento. Se ata agora era A Coruña a cidade desde a que chegaban as principais voces críticas, esta semana a intervención máis significativa foi a do alcalde de Vigo, [Abel Caballero](#), quen contrapuxo os centos de millóns que leva investido a [Xunta](#) no Gaiás cos 18 escasos que destinou ao auditorio da súa cidade, sufragado na súa maior parte con fondos privados ou locais.

Fronte a esas visións contrasta o entusiasmo desbordante do alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, quen non dubida de que o Gaiás será esa gran capital da cultura galega e concitará o apoio de

toda a comunidade. Coincide así coa visión que ten Bragado de que o complexo será “a cabeza da cultura de Galicia no século XXI”.

A POÍTICA, PENDENTE AÍNDA DA FISCALÍA

Porén, ese proxecto de futuro que á fin entrou na fase do debate cultural aínda ten sobre as súas costas unha pesada herdanza política. A investigación desenvolvida no [Parlamento de Galicia](#) en 2007 rematou a finais daquel ano coa votación das conclusións da comisión, que mantiñan que o complexo do Gaiás nacera entre irregularidades. Sen o voto de Touriño, que abandonara o hemiciclo xusto nese intre, o ditame foi enviado á Fiscalía, onde aínda permanece á espera de resucitar baixo a forma dunha causa xudicial ou ser enterrado definitivamente.